

MACBETH

Orson Welles, 1948

1179

ESTREA EN NUMAX: 10.10.2023 | V.O.S.E. | 105 min

Inglaterra, Idade Media. Macbeth é un nobre cabaleiro escocés. Un día, despois dunha batalla na que gaña o favor do monarca, atopa tres bruxas que lle profetizan que algún día chegará a ser Rei. Despois do cumprimento de outras dúas profecías formuladas polas bruxas, inevitablemente Macbeth pregúntase como poderá cumprirse a terceira, xa que o Rei Duncan aínda está e, ademais, ten dous fillos que poden herdar o trono.

«Unha actuación soberbia de Orson Welles no papel do príncipe»

David Parkinson, EMPIRE



Exhibir a tremoia

Por Max Robin

Con só cinco anos, o pequeno Orson recitaba de memoria os diálogos de Rei Lear. Antes de iniciar a súa carreira no cinema, o americano Welles interpretaba a Shakespeare en Dublín. Tres filmes ilustran, con diversa fortuna, a relación particular entre o autor de *Cidadán Kane* (1941) e o dramaturgo británico. *Macbeth*, realizada sen apenas orzamento en 1948, a sombría e magnífica *Othello* (1952) e ese divertimento chamada *Badaladas a medianoite* (1965).

Macbeth é o último filme realizado por Orson Welles nos Estados Unidos antes de abandonar o seu país e lanzarse á aventura europea. A pesar do renome artístico que lle reportara *Cidadán Kane* o público masivo non celebraba a súa ousadía artística e filmes como *A dama de Shanghai* (1947) ou *O cuarto mandamento* (1942) foron un fiasco financeiro. Pero nada podía parar ao mozo cineasta que, desoíndo as críticas, se embarca en 1948 nunha adaptación da escura obra de Shakespeare sen un peso e filmando en tempo récord (23 días) sobre escenarios teatrais.

Macbeth non acada a perfección plástica nin a melancolía de *Othello* nin o humor ou a distinción de *Badaladas a medianoite*. "O inferno é morno", di Lady Macbeth. Neste filme sombrío sobre o orgullo, o malvado e a loucura sanguinaria, os singulares negros de Welles reflicten unha noite perpetua onde o escenario (de cinema ou de teatro?) está estrañamente presente mediante unha iluminación abraiante.

Semella como se Welles, nesta posta en escena do seu propio orgullo -decepcionado- de artista xogase coas súas propias restricións e elixise exhibir a tremoia en lugar de disimulala empregando os artificios da posta en escena. Vista en perspectiva, *Macbeth* ten algo do espírito de *Dogville* (Lars von Trier, 2003), emprega o estudio para coller vantaxe do que podería ser un defecto. O filme é, desde logo, un obxecto cinematográfico (primeiros planos oblicuos e contrapicados, travellings, etc) pero, a diferenza das seguintes adaptacións de Shakespeare a cargo de Welles, *Macbeth* mantense moi condicionada pola súa condición teatral enxeñosa e autorreflexiva.

Ese é tamén o interese do filme que ofrece todo o mellor de Welles: a súa liberdade (poda o texto de Shakespeare e impón un acento escocés no canto da linguaxe florida e chea de cor do poeta), o humor na representación de si mesmo como rei tiránico e maldito... por non falar deses trazos e elementos visuais propios do director: a brétema, a noite, a sombra... Elementos que definirían *Badaladas a medianoite* ou *Sede de mal* (1958)

Un Welles-Macbeth, bébedo e decadente, vai sementando a morte para caer finalmente no ridículo. Hai unha sorte de sadismo neste posta en escena melancólica e solitaria que Welles fai de si mesmo en todos os seus filmes. Só, implacable, malvado e ridículo, procura o medio de transformar a terra e o universo enteiro nunha tabula rasa que podería asemellarse ao seu reinado. *Mr. Arkadin* (1955) sobrevoará igualmente entre a autocrítica e o mal. No caso de *Macbeth* é unha obra que se atopa entre o mellor de Welles e por tanto un filme a revisar para volver sentir o pracer culpable e o sorriso vago, divertido e inquieto que suscita cada un dos seus filmes.



Na librería
NUMAX
numax.org/libreria

La mirada de Orson Welles,
Mark Cousins.
a contracorrientefilms [DVD]

Macbeth,
William Shakespeare
Cátedra, 2005

Ciudadano Kane,
Orson Welles.
Vértice [BD]